

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### MINISTERIO DE FACENDA

- 17342** Orde HAC/1285/2020, do 29 de decembro, pola que se modifican a Orde HFP/1978/2016, do 28 de decembro, pola que se aproba o modelo 231 de declaración de información país por país, a Orde HAP/2194/2013, do 22 de novembro, pola que se regulan os procedementos e as condicións xerais para a presentación de determinadas autoliquidacións, declaracións informativas, declaracións censuais, comunicacións e solicitudes de devolución, de natureza tributaria, e a Orde EHA/3127/2009, do 10 de novembro, pola que se aproba o modelo 190 para a declaración do resumo anual de retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas sobre rendementos do traballo e de actividades económicas, premios e determinadas ganancias patrimoniais e imputacións de renda.

En relación co modelo 231, de declaración de información país por país, a OCDE indicou que se debe intercambiar información sobre as entidades residentes en territorio español dependentes, directa ou indirectamente, dunha entidade non residente en territorio español que non sexa ao mesmo tempo dependente doutra, así como os establecementos permanentes en territorio español de entidades non residentes do grupo, no caso de que a entidade non residente se negue a subministrarlle toda ou parte da información correspondente ao grupo da entidade residente en territorio español ou ao establecemento permanente en territorio español. Este suposto está previsto no penúltimo parágrafo do punto 1 do artigo 13 do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 634/2015, do 10 de xullo, onde se establece que, neste suposto, as entidades obrigadas a presentar informe país por país presentarán a información de que dispoñan e notificarán esta circunstancia á Administración tributaria. De acordo co anexo que se vai substituír, non era posible comunicar á Administración tributaria tal circunstancia. Por esta razón, considerouse conveniente modificar o anexo da Orde HFP/1978/2016, do 28 de decembro, pola que se aproba o modelo 231 de declaración de información país por país, para reflectir os cambios propostos pola OCDE no esquema de intercambio do informe país por país.

Por outra parte, modifícase nesta orde a Orde HAP/2194/2013, do 22 de novembro, pola que se regulan os procedementos e as condicións xerais para a presentación de determinadas autoliquidacións, declaracións informativas, declaracións censuais, comunicacións e solicitudes de devolución, de natureza tributaria, para poder prever a posibilidade de pagamento mediante transferencia bancaria prevista na Orde HAC/785/2020, do 21 de xullo, nos supostos, termos e condicións que se desenvolvan regulamentariamente.

Por último, modifícase a Orde EHA/3127/2009, do 10 de novembro, pola que se aproba o modelo 190 para a declaración do resumo anual de retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas sobre rendementos do traballo e de actividades económicas, premios e determinadas ganancias patrimoniais e imputacións de renda.

O Real decreto lei 39/2020, do 29 de decembro, modifica a letra y) do artigo 7 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas, e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, para declarar exento o ingreso mínimo vital. Por este motivo, é necesario modificar a Orde EHA/3127/2009, do 10 de novembro, pola que se aproba o modelo 190, para incluír unha nova subclave, dentro da clave «L» (rendas exentas), para consignar no caso de que a renda satisfeita sexa o ingreso mínimo vital.

Por outra parte, a necesidade de contar con información exacta para a concesión da citada prestación non contributiva, axustada ao disposto no Real decreto lei 20/2020, do 29 de maio, polo que se establece o ingreso mínimo vital, fai necesaria unha maior desagregación ao informar respecto de diversas prestacións exentas satisfeitas aos contribuíntes e que no actual modelo 190 se consignan de forma agregada. É o caso das prestacións económicas establecidas polas comunidades autónomas en concepto de renda mínima de inserción, así como as demais axudas establecidas por comunidades autónomas ou entidades locais para atender, de acordo coa súa propia normativa, colectivos en risco de exclusión social, situacións de emerxencia social, necesidades habitacionais de persoas sen recursos ou necesidades de alimentación, escolarización e demais necesidades básicas de menores ou persoas con discapacidade, cando eles e as persoas ao seu cargo carezan de medios económicos suficientes, reguladas no primeiro parágrafo da letra y) do artigo 7 da Lei 35/2006, do 28 de novembro.

Os motivos anteriores, unidos á conveniencia de dispoñer dunha información tributaria o máis detallada posible, especialmente para a posta á disposición dos contribuíntes dos datos fiscais do imposto sobre a renda das persoas físicas, xustifican a modificación neste momento da Orde EHA/3127/2009, do 10 de novembro, pola que se aproba o modelo 190, para desagregar a actual subclave 22 e introducir novas subclaves dentro da clave «L» correspondente ás rendas exentas, e así posibilitar que os declarantes poidan consignar claramente no modelo 190, como rendas exentas, tanto a renda mínima de inserción como o ingreso mínimo vital.

De acordo co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a elaboración desta orde efectúouse de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Cúmpanse os principios de necesidade e eficacia xurídica por ser desenvolvemento da normativa regulamentaria e o instrumento adecuado para o dito desenvolvemento.

Cúmpanse tamén o principio de proporcionalidade ao conter a regulación necesaria para conseguir os obxectivos que xustifican a súa aprobación.

Respecto do principio de seguridade xurídica, garantiuse a coherencia do texto co resto do ordenamento xurídico nacional xerando un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza que facilita o seu coñecemento e comprensión e, en consecuencia, a actuación e a toma de decisións dos diferentes suxeitos afectados sen introdución de cargas administrativas innecesarias.

O principio de transparencia, sen prexuízo da súa publicación oficial no *Boletín Oficial del Estado*, garantiuse mediante a publicación do proxecto de orde na páxina web do Ministerio de Facenda, para efectos de que poida ser coñecido o dito texto no trámite de audiencia e información pública por todos os cidadáns.

Por último, en relación co principio de eficiencia procurouse que a norma xere as menores cargas administrativas para os cidadáns, así como os menores custos indirectos, fomentando o uso racional dos recursos públicos e o pleno respecto dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

En relación coas habilitacións normativas da presente orde, debe sinalarse que a disposición derradeira única do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 634/2015, do 10 de xullo, habilita o ministro de Facenda e Administracións Públicas, para:

- a) Aprobar o modelo de declaración polo imposto sobre sociedades e determinar os lugares e forma de presentación deste.
- b) Aprobar a utilización de modalidades simplificadas ou especiais de declaración, incluída a declaración consolidada dos grupos de sociedades.
- c) Establecer os documentos ou xustificantes que deban acompañar a declaración.
- d) Aprobar o modelo de pagamento fraccionado e determinar o lugar e forma de presentación deste.
- e) Aprobar o modelo de información que deben render as agrupacións de interese económico e as unións temporais de empresas.

f) Ampliar, atendendo a razóns fundadas de carácter técnico, o prazo de presentación das declaracións tributarias establecidas na Lei do imposto e neste regulamento, cando esta presentación se efectúe por vía telemática.

En canto á obrigaición de información país por país, o artigo 13.1 do Regulamento do imposto sobre sociedades establece que o fornecemento da dita información se efectuará no modelo elaborado para o efecto, que se aprobará por orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas.

O artigo 117 do Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, habilita, no ámbito do Estado, o ministro de Economía e Facenda para aprobar os modelos de declaración, autoliquidación e comunicación de datos, así como para establecer a forma, lugar e prazos da súa presentación.

Por último, no ámbito relativo á declaración resumo anual do modelo 190, conforme o disposto no artigo 108.5 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, a dita declaración realizarase nos modelos que para cada clase de rendas estableza o ministro de Economía e Facenda, quen, así mesmo, poderá determinar os datos que se deben incluír nas declaracións, dos previstos no punto 2 do mencionado artigo 108, e o retedor ou obrigado a ingresar á conta está obrigado a cubrir a totalidade dos datos así determinados e contidos nas declaracións que o afecten.

As habilitacións anteriores ao ministro de Facenda e Administracións Públicas e ao ministro de Economía e Facenda deben entenderse conferidas na actualidade á ministra de Facenda, de acordo co disposto no artigo 5 do Real decreto 2/2020, do 12 de xaneiro, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais.

Na súa virtude, dispoño:

**Artigo primeiro.** *Modificación da Orde HFP/1978/2016, do 28 de decembro, pola que se aproba o modelo 231 de declaración de información país por país.*

Introdúcese a seguinte modificación na Orde HFP/1978/2016, do 28 de decembro, pola que se aproba o modelo 231 de declaración de información país por país:

«O anexo da Orde HFP/1978/2016, do 28 de decembro, pola que se aproba o modelo 231 de declaración de información país por país, substitúese polo anexo desta orde.»

**Artigo segundo.** *Modificación da Orde HAP/2194/2013, do 22 de novembro, pola que se regulan os procedementos e as condicións xerais para a presentación de determinadas autoliquidacións, declaracións informativas, declaracións censuais, comunicacións e solicitudes de devolución, de natureza tributaria.*

Un. A disposición adicional única pasa a denominarse disposición adicional primeira.  
Dous. Apróbase unha nova disposición adicional segunda co seguinte contido:

«Disposición adicional segunda. *Pagamentos mediante transferencia bancaria a través das entidades colaboradoras na xestión recadatoria encomendada á Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

O pagamento das débedas que, conforme a normativa vixente, poida ser efectuado a través da sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria tamén poderá ser realizado mediante transferencia bancaria ás contas abertas para o efecto nas entidades de crédito autorizadas para actuar como colaboradoras na xestión recadatoria nos supostos, termos e condicións que desenvolva no ámbito da xestión recadatoria estatal a Dirección Xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria.»

**Artigo terceiro.** *Modificación da Orde EHA/3127/2009, do 10 de novembro, pola que se aproba o modelo 190 para a declaración do resumo anual de retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas sobre rendementos do traballo e de actividades económicas, premios e determinadas ganancias patrimoniais e imputacións de renda e se modifican as condicións para a presentación por vía telemática dos modelos 111 e 117 polos obrigados tributarios que teñan a consideración de grandes empresas, así como a folla interior de relación de socios, herdeiros, comuneiros ou partícipes do modelo 184 e os deseños lóxicos dos modelos 184 e 193.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Orde EHA/3127/2009, do 10 de novembro:

Modifícase o contido do campo «Subclave», correspondente ás posicións 79-80, do tipo de rexistro 2 (rexistro de perceptor), do anexo II «Deseños físicos e lóxicos aos cales se deben axustar os soportes directamente lexibles por ordenador do modelo 190 e os ficheiros que conteñan a información que se debe incluír no dito modelo», cunha nova redacción das subclaves 22 e 28, e introdúcense dúas novas claves, 29 e 30, dentro das subclaves que se van utilizar nas percepcións correspondentes á clave L, nos seguintes termos:

«22 Axudas establecidas por comunidades autónomas ou por entidades locais para atender, de acordo coa súa normativa, colectivos en risco de exclusión social, situacións de emerxencia social, necesidades habitacionais de persoas sen recursos ou necesidades de alimentación, escolarización e demais necesidades básicas de menores ou persoas con discapacidade cando eles e as persoas ao seu cargo carezan de medios económicos suficientes, que estean exentas en virtude do establecido no primeiro parágrafo da letra y) do artigo 7 da Lei do imposto, sen incluír nesta subclave as prestacións económicas establecidas polas comunidades autónomas en concepto de renda mínima de inserción que se deban consignar na subclave 28.»

«28 Prestacións económicas establecidas polas comunidades autónomas en concepto de renda mínima de inserción para garantir recursos económicos de subsistencia ás persoas que carezan deles e que estean exentas en virtude do establecido no primeiro parágrafo da letra y) do artigo 7 da Lei do imposto, sen incluír nesta subclave o resto de axudas exentas establecidas neste primeiro parágrafo da letra y) que se deban consignar na subclave 22 anterior.»

«29 Prestación económica da Seguridade Social correspondente ao ingreso mínimo vital.»

«30 Outras rendas exentas. Inclúranse nesta subclave as rendas exentas do imposto sobre a renda das persoas físicas que, debendo relacionarse no modelo 190, sexan distintas das especificamente sinaladas nas subclaves anteriores.»

O resto de subclaves do dito campo «Subclave» correspondente ás posicións 79-80, do tipo de rexistro 2 (rexistro de perceptor), do anexo II citado non se modifican.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado». Os artigos primeiro e terceiro serán aplicables por primeira vez para as presentacións dos modelos 231 e 190 cuxo prazo de presentación se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2021.

Madrid, 29 de decembro de 2020.—A ministra de Facenda, María Jesús Montero Cuadrado.

## ANEXO

## Modelo 231. Declaración de información país por país

## Identificación da entidade presentadora

Denominación social	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>
Cidade	
<input type="text"/>	
Condición por que presenta o informe país por país: <sup>(1)</sup>	
<input type="checkbox"/> Matriz art. 13.1, 1º párrafo do RIS <input type="checkbox"/> Entidade subrogada art. 13.1, 3º párrafo do RIS <input type="checkbox"/> Constitutiva información completa, motivo art. 13.1, 2º párrafo do RIS, letra a), Non obrigación de declarar na xurisdición da entidade dominante <input type="checkbox"/> Constitutiva información completa, motivo art. 13.1, 2º párrafo do RIS, letra b), Non acordo coa xurisdición da entidade dominante <input type="checkbox"/> Constitutiva información completa, motivo art. 13.1, 2º párrafo do RIS, letra c), Incumprimentos xurisdición da entidade dominante <input type="checkbox"/> Constitutiva información completa, motivo art. 13.1, 3º párrafo do RIS, Constitutiva designada <input type="checkbox"/> Constitutiva información incompleta, motivo art. 13.1, 2º párrafo do RIS, letra a), Non obrigación de declarar na xurisdición da entidade dominante <input type="checkbox"/> Constitutiva información incompleta, motivo art. 13.1, 2º párrafo do RIS, letra b), Non acordo coa xurisdición da entidade dominante <input type="checkbox"/> Constitutiva información incompleta, motivo art. 13.1, 2º párrafo do RIS, letra c), Incumprimentos xurisdición da entidade dominante <input type="checkbox"/> Constitutiva información incompleta, motivo art. 13.1, 3º párrafo do RIS, Constitutiva designada.	

(1) A opción marcada debe coincidir co indicado na comunicación previa á declaración do modelo 231.

## Identificación do grupo

Denominación ou nome do grupo multinacional	
<input type="text"/>	
Denominación social da entidade matriz	NIF para efectos fiscais da entidade matriz
<input type="text"/>	<input type="text"/>
País en que reside	
<input type="text"/>	

## Visión xeral da repartición de beneficios, impostos e actividades económicas por xurisdición fiscal

Xurisdición fiscal	Ingresos			Beneficios/ (perdas) antes de imposto sobre sociedades	Imposto sobre sociedades <sup>(2)</sup> (criterio de caixa)	Imposto sobre sociedades <sup>(2)</sup> Año en curso	Capital declarado	Resultados non distribuídos	Número de traballadores	Activos tanxibles distintos de tesouraría e instrumentos equivalentes a tesouraría
	Terceiros	Entidade vinculada	Total							

(2) Indíquese o imposto sobre sociedades ou, se é o caso, o imposto sobre beneficios análogo.

## Lista de todas as entidades integrantes do grupo multinacional incluídas en cada agregación por xurisdición fiscal

Xurisdición fiscal	Entidades integrantes residentes na xurisdición fiscal	Xurisdición fiscal de constitución ou organización, se é distinta da xurisdición fiscal de residencia	Principal(is) actividade(s) económica(s)													
			Investigación e desenvolvemento	Titularidade ou xestión de propiedade intelectual	Compras ou subministracións	Fabricación ou produción	Vendas, comercialización ou distribución	Servizos de administración, xestión ou apoio	Prestación de servizos a entidades non asociadas	Finanzas internas do grupo	Servizos financeiros regulados	Seguros	Titularidade de accións ou outros instrumentos representativos de capital	Sen actividade	Outra <sup>(3)</sup>	
	1.															
	2.															
	3.															
	1.															
	2.															
	3.															

(3) Indíquese a natureza da actividade da entidade integrante na sección "Información adicional"

## Información adicional

Inclúase de maneira sucinta a información ou explicacións adicionais que se consideren necesarias ou que faciliten a comprensión da información preceptivamente consignada no informe país por país